# NOME CIENTÍFICO
*Hibiscus syriacus*

**Descrición:**
É unha planta floral caducifolia orixinaria de Asia que pode acadar uns 2-4 metros de altura. As súas pólas son de cor gris claro.



70

**As flores** poden aparecer de forma illada ou en parellas e sempre de cores vistosos (azul, violeta, branco…).

**Familia:** Malvaceae
**Orixe:** China, Taiwán e Siria
**Nome común:** Hibisco, Rosa de Siria




71



73



72

**As súas follas** están compostas por tres lóbulos (trilobuladas) e a súa marxe está dentada, pero de forma irregular.

**O seu froito** é unha cápsula de cor parda-amarelenta cuberta de pelos amarelos.

# *Hibiscus syriacus*

## *Hábitat*

Habitualmente cultívase en lugares onde os veráns son cálidos (aínda que é bastante resistente ás xeadas) e o motivo principal son as súas rechamantes follas.

## *Usos ou propiedades*

Fundamentalmente ornamental, sendo unha das especies máis apreciadas en xardinería.

## *Categoría IUCN*

Non avaliada (NE)

## *Curiosidades*

É a flor nacional de Corea do Sur.